

# Lóuzara

O Val de Lóuzara ao Sur de Samos (Lugo), constitúe unha das reservas naturais máis interesantes de Galicia. Con accidentada orografía –montañas de máis de 1400 m. de altitude– os múltiples regatos que brincan polas ladeiras e alimentan o río Lóuzara de frías e cristalinas augas, dan vida aos fermosos prados das valgadas e ás extensas chopeiras, carballeiras e soutos que abundan na zona.

Cunha extensión de 6.411 hectáreas e un censo de arredor de 500 habitantes, o Val de Lóuzara comprende as parroquias de San Xosé de Santalla, Santo André de Gundriz, San Cristovo e San Xoán de Lóuzara, coas súas igrexas construídas coa lousa típica da zona –o mesmo que o resto das construcións– nas que se poden apreciar interesantes elementos artísticos.

Esta privilexiada área, polo seu encanto e interese natural, é lugar axeitado para os amantes da natureza, pois propicia a meditación, é fonte de inspiración para poetas –Fiz Vergara foi natural destas terras– e gozo para os camiñantes que desexen descubrir novas e impresionantes panorámicas. E a todos eles, o río co seu son e os paxaros cos seus rechouchíos, agasállos decontino cun envolvente e marabilloso concerto.



*Vista panorámica de Campos*

# O Priorato

O Priorato de Lóuzara encóntrase ubicado no lugar de Campos, entre os montes Ouribio e Courel. Aínda que non se sabe con certeza a data da súa construción, en documentos do S. XI figura xa a presenza de monxes nestas paraxes. Parece que foi no S. XVI cando a comunidade beneditina do Priorato –dependente do Mosteiro de Samos e encabezada polo Prior– está en pleno auxe. Escritos dese tempo informan que os monxes, ademais de coidar a facenda, atender ós pobres e peregrinos e prestar servizo espiritual aos fregueses, potenciaban a zona coa montaxe das ferrerías de Gundriz e Santalla.

Despois da exclaustación e coa desamortización (1835), o edificio do Priorato pasou a funcionar como casa reitoral onde vivían os curas que atendían pastoralmente estas parroquias. Desde o ano 1999, é a **Fundación O NOSO LAR** a encargada da súa xestión.



*Salón Val de Lóuzara*

# Un lugar de encontro

O principal obxectivo do Priorato é ofrecer aos habitantes da zona a posibilidade de reunirse para desenvolver actividades pastorais, culturais e de lecer. Tamén se posibilita o seu uso a persoas doutros lugares que queiran fundirse coa natureza ou desexen intercambiar experiencias coa xente da terra.



*Cociña*



*Habitación doble*

Pola súa ubicación e servizos, O Priorato é:

- Lugar de encontro e convivencia interxeracional.
- Local social
- Albergue rural para:
  - Convivencias e Retiros
  - Campamentos e Campos de traballo
  - Estudo

# Fundación *O Noso Lar*

A *Fundación O Noso Lar* nace con vocación de servizo á xente da nosa terra. Pretende a atención integral á poboación marxinada ou en estado de necesidade, de maneira particular ás persoas maiores. Intenta, ademais, dinamizar e animar a vida de todos estes núcleos rurais do Municipio de Samos. Como froito de experiencias anteriores, a Fundación constitúese legalmente no ano 1991, incorporándose a ela tres anos despois unha comunidade de *Franciscanas de la Madre del Divino Pastor*. Estas relixiosas xunto ós fundadores, entre os que figura o Presidente Miguel Gómez Vázquez, coordinan os proxectos e programas de actividades que levan a cabo.

A Fundación trata de fomentar a solidariedade e convivencia interxeracional, tanto nos locais da Fundación en Lousada –*talleres, encontros, charlas ...*– ou ó aire libre na festa popular campestre de convivencia cos maiores, que se celebra cada ano no mes de agosto e reúne a máis de dúas mil persoas. Tamén, para fomentar as relacións entre os grupos de persoas da mesma idade, organiza campamentos de verán para rapaces, vacacións-convivencia para maiores, etc.

A Fundación intenta en todo momento resaltar a fermosa herdanza recibida dos maiores e implicar ós máis novos.



Sede Fundación




## Fundación *O Noso Lar*

San Román de Lousada  
27620 Samos (Lugo)

Páx. Web: [www.onosolar.org](http://www.onosolar.org)

E-mail: [fundacion@onosolar.org](mailto:fundacion@onosolar.org)

Tlf. 982 18 70 04



**O Priorato**  
*para os amantes da paz  
no corazón da natureza*